

# A PONTE DO PEDRIDO: UN COLOSO DE FORMIGÓN QUE MELLOROU A COMUNICACIÓN ENTRE A CORUÑA E FERROL

A ponte do Pedrido, inaugurada en 1943, tivo unha grande importancia para mellorar as comunicacións terrestres entre as dúas beiras da ría de Betanzos. A ponte constitúe un exemplo orixinal e relevante da enxeñería dos anos 30 do século XX, realizada en formigón armado.

Xa no século XVI hai documentación de que houbo aquí unha barcaza para pasar a ría, con moitas limitacións no transporte de mercancía, e de aí provén o nome deste lugar, A Pasaxe do Pedrido. Tamén cabía a posibilidade de bordear a ría pasando pola Ponte Vella da vila de Betanzos, dando unha volta duns 8 km.



Obras de inicio da construción da ponte do Pedrido, no ano 1936, antes de su paralización pola Guerra Civil



Montaxe do arco central da ponte en 1940




Lancha a vela pasando baixo a ponte do Pedrido nos anos 50 do pasado século

O proxecto e obras da ponte tiveron un custe de 3.742.000 das antigas pesetas. Comezaron a finais da década de 1920 e interrompidas polo estalido da Guerra Civil española, retomáronse no ano 1939, seguindo o proxecto do enxeñeiro César Villalba. O magnífico arco central, elemento máis destacado da ponte e que lle confire grandiosidade, foi obra do prestixioso enxeñeiro Eduardo Torroja, quen diseñou o proxecto de remate entre os anos 1940 e 1942 cun maxistral emprego do formigón armado, de atrevido deseño para a época, xa que ata ese momento apenas se utilizara este material en España para obras de grandes dimensións.

Os piares centrais rematados en bonitos pináculos precisaron, especialmente o da beira esquerda, un reforzo ou engrosamento, por mor do terreo lamacente.

Finalmente a ponte da “Pasaxe do Pedrido” inaugurouse o 15 de abril de 1943.

Durante a súa construción houbo certa oposición e polémica nos concellos limítrofes que finalmente se resolveu coa elevación da altura da ponte, para que os barcos do porto de Betanzos, dedicados ao transporte de madeira, puidesen navegar.



A ponte ten 510 m de lonxitude, 19 m de altura e consta de 13 arcos laterais e un central, cunha luz de 75 m.